

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005211	IES Salvador de Madariaga	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Coro e Técnica Vocal I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O canto é desde os inicios da humanidade un dos modos de expresión artística. Cantar é connatural ao ser humano, e a voz é o instrumento con maior capacidade expresiva.

A práctica do canto e do coro permítelle ao alumnado poñer en práctica os diferentes estilos musicais a partir dunha achega emocional e comunicativa coas compañeiras e compañeiros logrando uns obxectivos colectivos, e dunha forma máis sinxela que coa práctica instrumental, xa que cantar é innato ao ser humano. A través do coro podemos experimentar diferentes manifestacións culturais, trasladar á práctica contidos musicais, destrezas e actitudes traballados en cursos anteriores e interpretar unha gran variedade de pezas de diferentes períodos históricos, culturais e estilísticos.

Cantar tanto individualmente como en grupo é unha actividade motivadora e beneficiosa para a saúde física e mental, pois favorece a postura corporal, a capacidade pulmonar, a memoria, mellora as relacións sociais, crea empatía e conciencia de grupo, ademais de axudar a desenvolver a perseveranza, disciplina, esforzo, constancia e fortalecer a autoestima.

A materia de coro impártese en dous cursos, de modo que o desenvolvemento dos obxectivos do currículo será progresivo, e moitos dos contidos aprenderanse por primeira vez no primeiro curso, repetíndose no ano seguinte para afianzalos, pois as destrezas musicais conteñen unha parte importante de repetición para contribuir ao seu aprendizaxe e interiorización.

O seu carácter é eminentemente práctico en ámbolos dous cursos desenvolvendo e mellorando a través de dita práctica a habilidade de interpretar a través da voz e do corpo, traballando un repertorio extenso e variado, co que melloraremos a escoita activa, a respiración, fonación, a resonancia vocal e os hábitos posturais e movementos que acompañan ao canto. Así esta materia pola súa natureza práctica e grupal, é idónea para combinala con outras nas que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia aparece deseñada no currículo a partir de catro obxectivos, vinculados cos obxectivos da etapa e coas competencias clave previstas para bacharelato. Estes obxectivos estimulan o hábito de escoita do alumnado, afianzan o seu criterio estético, facilitan o desenvolvemento da técnica vocal, do traballo grupal, e reforzan a comunicación, a autoestima e autoconfianza. Ademais potencian o traballo de valores colectivos, o enriquecemento da contorna cultural e a identificación de oportunidades de desenvolvemento en distintos ámbitos a través dos diferentes proxectos creados.

Os criterios de avaliación propostos no currículo e os mínimos desglosados nesta programación en cada unidade, mostran o grado de consecución dos obxectivos. Ditos criterios de avaliación así como os contidos preséntanse organizados en tres bloques, e nas distintas unidades didácticas traballaremos contidos e criterios dun, dous ou dos tres bloques. Ditos bloques son: "Análise", no que afondamos nun vocabulario específico, estratexias de escoita activa, características interpretativas dos distintos estilos e xéneros, e recursos escénicos. "Técnica vocal", que recolle contidos relativos ao coidado da voz, postura do corpo, elementos que interveñen na produción vocal, improvisacións e vocalizacións. E por último "Práctica de conxunto", con obxectivos grupais, repertorio de coro e indicacións da dirección.

As unidades didácticas propostas son quince, divididas en cinco por trimestre que seguen sempre a mesma estrutura, por exemplo "técnica I", "técnica II" e "técnica III" recolle os procedementos técnicos a traballar e mellorar en cada trimestre con respecto á produción vocal. "Repertorio I", "repertorio II" e "repertorio III" indica as pezas e obras a aprender e analizar en cada trimestre tanto a nivel grupal, como individual. Preséntase tamén en cada trimestre unha unidade para aclarar contidos teóricos, índa que estes sexan interiorizados primeiro a través da práctica, pero convén saber expresalos tamén a nivel teórico e acadar un vocabulario técnico específico da materia. Ademais contémpanse tres unidades dedicadas á actuación en público e as normas de comportamento como asistentes a distintos eventos, coas que pretendemos que o alumnado se implique creando en cada avaliación un proxecto grupal digno de representar ante o demais alumnado e incluso fora do centro. Por último, propoñemos unha unidade dedicada ao traballo do movemento integrado no canto no primeiro trimestre, á percusión corporal no segundo trimestre, e á improvisación tanto no canto como corporal no terceiro trimestre, unidades que completan a destreza de cantar e fan da asignatura a creación dun proxecto artístico global.

Por último cabe mencionar que no apartado de "Metodoloxía" expoñemos amplamente as directrices pedagóxicas e didácticas para levar a cabo esta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - escoitar e visionar de forma activa pezas vocais de distintos estilos, xéneros e culturas, analizando os trazos de estilo e as características da interpretación, para desenvolver o criterio estético, estimular o hábito de escoita activa e ampliar as posibilidades de gozo da música.	1-2	3	2		11	3		1-2-31
OBX2 - Expresarse vocal e corporalmente, de forma individual e colectiva, a través da aplicación de diferentes técnicas e a realización de actividades de improvisación, para reforzar a autoestima e a autoconfianza e desenvolver a voz e o corpo como instrumentos de comunicación.					20-31	1	2	31-32
OBX3 - Interpretar pezas de diferentes estilos e xéneros musicais, participando en distintas formacións vocais, para potenciar unha comunicación artística rica e o desenvolvemento de valores colectivos.		1			11-31			31-32
OBX4 - Participar en proxectos escénicos, realizando actuacións e asumindo tarefas propias da produción, para favorecer o crecemento artístico persoal, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.				3-5	11-12		1	31-41

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnica vocal I	Nesta unidade traballaremos os primeiros exercicios de relaxación, respiración, articulación e resonancia da voz como elementos básicos da emisión vocal. Tamén faremos vocalizacións e entonacións de intervalos e de acordes sinxelos para desenvolver o oído e a escoita interior. Comezaremos a diferenciar a voz de peito, de cabeza e mixta, e realizaremos exercicios de empaste e articulación.	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Repertorio I	Preparación de cancións a dúas voces, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención á clasificación das voces, ao traballo da memoria, a afinación grupal e o empaste, e ao traballo coa métrica dos textos.	10	14	X		
3	Movemento	A música é movemento, e como tal, ten que acompañarse axeitadamente co corpo. A danza e a expresión corporal posta en práctica en relación coa música é unha actividade liberadora de enerxía. A súa práctica axuda a adoitir unha boa posición corporal, así como distensión psicolóxica e muscular, o que axuda a colocar e proxectar a voz mellor. As coreografías son ademais un valioso recurso expresivo e emocional, amosan sensacións e axudan a entrar en contacto con un mesmo, ademais de crear cohesión grupal, e fortalecer o traballo en equipo. A parte disto, a danza reforza a comprensión musical dun modo fácil e divertido sendo un enriquecemento do resultado xeral e contribuíndo a crear un proxecto musical completo, un espectáculo rico e atractivo, pois añade o factor plástico, visual e escénico á parte musical.	5	8	X		
4	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto I	Se ben esta materia é principalmente práctica e é a través do coñecemento empírico onde aprendemos os conceptos, convén facer unha achega teórica e analítica aos principais aspectos tanto do canto como da linguaxe musical, adquirindo así un vocabulario axeitado e sabendo explicalo. Nesta primeira unidade teórica das tres propostas para este curso, traballaremos conceptos como a emisión e produción sonora da voz, a clasificación das voces e os tipos de coro, así como algúns aspectos analíticos e de linguaxe musical dos períodos históricos das obras propostas para este trimestre.	5	8	X		
5	Presentación en público I	Presentamos nesta programación tres unidades, unha por trimestre, nas que abrangueremos a importancia de presentar o traballo ensaiado ante o público, converténdonos así en intérpretes, e tamén interiorizaremos pautas de comportamento cando nós mesmos asistimos como público a eventos artísticos. Realizar concertos en vivo mellora a	5	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Presentación en público I	<p>autoestima, reforza o sentimento de grupo ou colectivo, axuda a cumprir os obxectivos marcados nun tempo concreto e forma, e é un pilar para aprender a comunicarse en público, non só a nivel musical, senón para outras actividades da vida cotiá ou do traballo que no futuro impliquen comunicación e traballo grupal.</p> <p>Por outra banda, a importancia de entender os xestos da dirección fai que aprendamos a traballar baixo as pautas dun líder, pero sen perder a nosa capacidade de opinión e crítica constructiva. Nesta primeira unidade presentaremos en público as obras traballadas no primeiro trimestre.</p>	5	4	X		
6	Técnica vocal II	<p>Continuación do traballo técnico realizado na unidade "Técnica I", tratando de consolidar aspectos xa explicados nesa unidade, e traballando outros conceptos técnicos novos. Seguiremos tomando consciencia da respiración e incidiremos no apoio diafragmático da columna de aire, nos músculos que interveñen na fonación, realizaremos vocalizacións de intervalos e acordes máis complexos. Coñeceremos e manexaremos o diapasón como ferramenta para establacer o inicio de cada voz, traballaremos a precisión rítmica na dicción de textos e na articulación, a precisión na afinación de conxunto, no empaste e unha maior atención na audición interna. Tamén introduciremos algúns conceptos usados no canto moderno como o twang para gañar corpo na voz mixta.</p>	8	10		X	
7	Repertorio II	<p>Preparación de cancións a tres voces, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención á clasificación das voces, ao traballo da memoria, a afinación grupal e o empaste, e ao traballo coa métrica dos textos.</p>	10	16		X	
8	Percusión corporal aplicada ao canto	<p>A percusión corporal é unha ferramenta para desenvolver as habilidades motoras, a conciencia corporal e sobre todo axuda a entender o ritmo ao sentilo a través de todo o corpo. A través da percusión corporal aplicada ao canto descubriremos o son do noso propio corpo converténdoo nun instrumento integral, fomentamos o traballo en grupo, a capacidade de concentración, comprendemos as figuras musicais, e melloramos a psicomotricidade,</p>	5	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Percusión corporal aplicada ao canto	ademáis de contribuir a crear un proxecto musical performativo máis global e escénico.	5	8		X	
9	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto II	Dentro das unidades propostas neste curso para traballar os principais conceptos teóricos, nesta segunda unidade teórica das tres propostas para este curso, traballaremos o concepto de empaste, a produción sonora nos distintos tipos de canto (de peito, de cabeza e voz mixta) e os tipos de respiración con especial atención á diafragmática ou costo-abdominal. Tamén destacaremos algúns aspectos analíticos e de linguaxe musical dos períodos históricos das obras propostas para este trimestre como a importancia da harmonía na expresividade, os planos sonoros das voces e a súa relación coa dinámica.	5	8		X	
10	Presentación en público II	Continuamos o traballo do primeiro trimestre presentando ante o público o repertorio traballado nesta segunda avaliación. Seguimos traballando a concentración, a memoria, o medo escénico, entender os xestos da dirección así como as normas de comportamento ante o público, como intérpretes; ou como público, asistindo a espectáculos musicais.	5	4		X	
11	Técnica vocal III	Continuación das unidades "Técnica I e II" do primeiro e segundo trimestre respectivamente. Neste tercer trimestre incidiremos na consolidación da respiración costo-diafragmática, na entonación, articulación, resonancia e empaste, na afinación de intervalos e acordes complexos, na audición interna e na proxección do son para conseguir distintas dinámicas. Seguiremos perfeccionando a proxección da voz de peito, de cabeza e mixta segundo o repertorio plantexado o requira.	8	10			X
12	Repertorio III	Preparación de cancións a catro voces, escollendo pezas de períodos e estilos diferentes, desde música culta ata popular con arranxos de música actual, e do panorama cultural galego, tanto a capella como con acompañamento instrumental. Prestarase especial atención á clasificación das voces, ao traballo da memoria, a afinación grupal e o empaste, e ao traballo coa métrica dos textos.	10	15			X
13	Improvisación aplicada ao coro	Seguindo as técnicas de improvisación traballadas ne educación secundaria obrigatoria, continuamos nesta nova etapa	5	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	Improvisación aplicada ao coro	aprendendo novos procesos e propostas para improvisar investigando os sons naturais que podemos emitir co noso propio corpo, tanto coa voz como percutindo neste. Partimos de exercicios de improvisación libre para atopar o noso propio rexistro e posibilidades, ata chegar a exercicios de improvisación guiada, seguindo pautas de carácter rítmico, melódico, dinámico e incluso harmónico, aunando así os contidos que o alumnado sabe de linguaxe musical coa práctica improvisativa individual e coral, traballando repertorio específico con pezas íntegramente improvisadas ou con fragmentos abertos a estas técnicas dentro dunha peza escrita.	5	10			X
14	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto III	Nesta última unidade dentro da serie teórica trataremos conceptos como o aparato fonador, a voz e as súas etapas, a muda da voz, características expresivas dos distintos tipos de voz, o uso do belting no canto moderno, ademáis de conceptos de análise formal e aspectos de linguaxe musical sobre o repertorio traballado no trimestre.	5	8			X
15	Presentación en público III	Nesta última unidade do curso presentamos o repertorio traballado na terceira avaliación, así como recuperaremos tamén as obras máis emblemáticas realizadas ao longo do curso. O obxectivo é montar un espectáculo escénico integral coas achegas do alumnado onde cheguemos a crear unha performance que aúne espectáculo musical e visual, a través do repertorio proposto, as actividades de improvisación e movemento traballadas ao longo do curso e o uso das tecnoloxías.	6	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Técnica vocal I	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Manter o silencio nas explicacións técnicas dadas polo profesorado e mentres as compañeiras e compañeiros realizan os exercicios técnicos de forma individual.	TI	100
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con corrección os exercicios técnicos, de desenvolvemento vocal e de escoita activa propostos nesta unidade, tanto de forma individual como grupal.		
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.		
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Respectar as producións sonoras das compañeiras e compañeiros, con vontade de mellorar e axudarse no grupo para conseguir o resultado máis óptimo posible.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Empregar con corrección os conceptos técnicos traballados á hora de falar deles e emitir xuízos de valor obxectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Práctica da relaxación e da concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto. - O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos melódicos e harmónicos sinxelos. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Repertorio I	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Interpretar correctamente os distintos estilos musicais estudados nas pezas traballadas, seguindo as pautas técnicas e interpretativas acordadas na clase.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Aprender o repertorio coral seleccionado, mantendo unha escoita activa, seguindo as indicacións e xestos da dirección e desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Asistir ás clases prestando atención e escoita activa, respectando ás compañeiras e compañeiros, así como propoñendo ideas para crear un proxecto grupal que aúne música, escenografía e tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Saber executar individual e grupalmente as partituras propostas cunha notación musical básica convencional, así como entender aquelas partituras propostas con notación non convencional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. Equilibrio entre voces e planos sonoros. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público.

Contidos

- Repertorio a unha, dúas e tres voces iguais como introdución á polifonía vocal: afinación, empaste e dinámica no canto a varias voces.
- Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental.
- O texto e a súa métrica como base da articulación, a velocidade, e a precisión rítmica.

UD	Título da UD	Duración
3	Movemento	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar as propostas de movemento corporal e dancísticas con corrección, respectando as producións das compañeiras e compañeiros.		
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Prestar atención e escoita activa nas propostas dancísticas e corporais da clase, demostrando interese por mellorar e cunha posición corporal axeitada.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete sabendo ben a nosa parte vocal e corporal nas pezas traballadas.	TI	100
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Facer propostas corporais e dancísticas propias, colaborando na construción dun proxecto musical e escénico grupal.		
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Recoñecer a importancia da aplicación de técnicas coreográficas no canto grupal, así como saber de memoria os movementos e coreografías propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e da concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - A percusión corporal e outros deseños coreográficos. - A memoria musical. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental.

UD	Título da UD	Duración
4	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto I	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	Analizar nas partituras corais estudadas aspectos formais e estilísticos, describindoas cun vocabulario técnico adecuado.	PE	100
CA1.2 - Expresarse con corrección, usando un vocabulario musical específico sobre conceptos de linguaxe musical, aspectos vocais e corais para realizar xuízos de valor obxectivos sobre pezas vocais sinxelas e interpretacións de diferentes épocas e estilos.	Utilizar un vocabulario específico referido a conceptos de linguaxe musical, e aspectos vocais e corais traballados na clase en pezas propostas sinxelas.		
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Recoñecer os símbolos musicais que reflectan o silencio e apreciar a súa importancia no contexto das obras.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Expresarse usando un vocabulario técnico adecuado para referirse a conceptos de linguaxe musical, canto e técnica vocal.		
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Diferenciar as características das linguaxes das músicas da nosa tradición occidental e doutras culturas a través das pezas traballadas na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario musical específico: conceptos de linguaxe musical e aspectos vocais e corais. - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. - Análise e escoita activa de pezas vocais sinxelas, de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional.

UD	Título da UD	Duración
5	Presentación en público I	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Realizar as actividades de técnica vocal e corporal necesarias para a montaxe do repertorio do trimestre, con escoita activa e respectando as producións dos demais.	TI	100
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete de coro, memorizando o repertorio acordado e sabendo o noso rol tanto individual como grupal, respectando e seguindo as directrices e xestos da dirección.		
CA3.3 - Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	Mostrar nas actuacións acordadas en cada trimestre unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento do coro e respectando ao público.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Axudar con ideas, iniciativas e opinións construtivas, a crear un proxecto escénico grupal en cada trimestre, digno de ser presentado en público, que teña impacto social e profesional.		
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Utilizar o movemento, percusión corporal e improvisación nas ideas achegadas axudando así a crear un proxecto musical coral propio, orixinal e integral, sabendo de memoria o repertorio acordado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. - Actitude escénica e relación co público: representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.

UD	Título da UD	Duración
6	Técnica vocal II	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Manter o silencio nas explicacións técnicas dadas polo profesorado e mentres as compañeiras e compañeiros realizan os exercicios técnicos de forma individual.	TI	100
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar os exercicios técnicos, de desenvolvemento vocal e de escoita activa propostos nesta unidade, tanto de forma individual como grupal.		
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.		
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Respectar as producións sonoras das compañeiras e compañeiros, con vontade de mellorar e axudarse no grupo para conseguir o resultado máis óptimo posible.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Empregar con corrección os conceptos técnicos traballados á hora de falar deles e emitir xuízos de valor obxectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Práctica da relaxación e da concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto. - O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos melódicos e harmónicos sinxelos. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa.

UD	Título da UD	Duración
7	Repertorio II	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Interpretar correctamente os distintos estilos musicais abranguidos nas pezas traballadas, seguindo as pautas técnicas e interpretativas acordadas na clase.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Aprender o repertorio coral seleccionado, mantendo unha escoita activa, seguindo as indicacións e xestos da dirección e desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Manter a atención e escoita activa nas clases, respectando ás compañeiras e compañeiros, así como propoñendo ideas para crear un proxecto grupal que aúne música, escenografía e tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Saber executar individual e grupalmente as partituras propostas cunha notación musical básica convencional, así como entender aquelas partituras propostas con notación non convencional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. Equilibrio entre voces e planos sonoros. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público. - Repertorio a unha, dúas e tres voces iguais como introdución á polifonía vocal: afinación, empaste e dinámica no canto a varias voces. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. - O texto e a súa métrica como base da articulación, a velocidade, e a precisión rítmica.

UD	Título da UD	Duración
8	Percusión corporal aplicada ao canto	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar as propostas de percusión corporal con corrección, respectando as producións das compañeiras e compañeiros.	TI	100
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Prestar atención e escoita activa nos exercicios de percusión corporal da clase, demostrando interese por mellorar e cunha posición corporal axeitada.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete sabendo ben a nosa parte vocal e corporal nas pezas traballadas.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Facer propostas de percusión corporal e dancísticas propias, colaborando na construción dun proxecto musical e escénico grupal.		
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Recoñecer a importancia da aplicación de técnicas coreográficas e de percusión corporal no canto grupal, así como saber de memoria os movementos, percusións e coreografías propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e da concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - A percusión corporal e outros deseños coreográficos. - A memoria musical. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental.

UD	Título da UD	Duración
9	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto II	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	Analizar nas partituras corais estudadas aspectos formais e estilísticos, describindoas cun vocabulario técnico adecuado.	PE	100
CA1.2 - Expresarse con corrección, usando un vocabulario musical específico sobre conceptos de linguaxe musical, aspectos vocais e corais para realizar xuízos de valor obxectivos sobre pezas vocais sinxelas e interpretacións de diferentes épocas e estilos.	Utilizar un vocabulario específico referido a conceptos de linguaxe musical, e aspectos vocais e corais traballados na clase en pezas propostas sinxelas.		
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Recoñecer os símbolos musicais que reflectan o silencio e apreciar a súa importancia no contexto das obras.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Expresarse usando un vocabulario técnico adecuado para referirse a conceptos de linguaxe musical, canto e técnica vocal.		
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Diferenciar as características das linguaxes das músicas da nosa tradición occidental e doutras culturas a través das pezas traballadas na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario musical específico: conceptos de linguaxe musical e aspectos vocais e corais. - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. - Análise e escoita activa de pezas vocais sinxelas, de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional.

UD	Título da UD	Duración
10	Presentación en público II	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Realizar con corrección as actividades de técnica vocal e corporal necesarias para a montaxe do repertorio do trimestre, con escoita activa e respecto cara aos demais.	TI	100
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete de coro, memorizando o repertorio acordado e sabendo o noso rol tanto individual como grupal, respectando e seguindo as directrices e xestos da dirección.		
CA3.3 - Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	Mostrar nas actuacións acordadas en cada trimestre unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento do coro e respectando ao público.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Axudar con ideas, iniciativas e opinións construtivas, a crear un proxecto escénico grupal en cada trimestre, digno de ser presentado en público, que teña impacto social e profesional.		
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Utilizar o movemento, percusión corporal e improvisación nas ideas achegadas, axudando así a crear un proxecto musical coral propio, orixinal e integral, sabendo de memoria o repertorio acordado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. - Actitude escénica e relación co público: representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.

UD	Título da UD	Duración
11	Técnica vocal III	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Manter o silencio nas explicacións técnicas dadas polo profesorado e mentres as compañeiras e compañeiros realizan os exercicios técnicos de forma individual.	TI	100
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Realizar con corrección os exercicios técnicos, de desenvolvemento vocal e de escoita activa propostos nesta unidade, tanto de forma individual como grupal.		
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.		
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Respectar as producións sonoras das compañeiras e compañeiros, con actitude de interese, con vontade de mellorar e axudarse no grupo para conseguir o resultado máis óptimo posible.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Empregar con corrección os conceptos técnicos traballados á hora de falar deles e emitir xuízos de valor obxectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Práctica da relaxación e da concentración. - Coidado da voz e postura do corpo. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto.

Contidos

- O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos melódicos e harmónicos sinxelos.
- Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica.
- Exercicios e vocalizacións. Improvisacións.
- Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.
- Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa.

UD	Título da UD	Duración
12	Repertorio III	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Interpretar as pezas propostas co rango de matices acordado, relacionando a expresión musical cos sentimentos, mostrando dominio técnico da voz con confianza.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Interpretar correctamente os distintos estilos musicais abranguidos nas pezas traballadas, seguindo as pautas técnicas e interpretativas acordadas na clase.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Aprender o repertorio coral seleccionado, mantendo unha escoita activa, seguindo as indicacións e xestos da dirección e desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Asistir ás clases prestando atención e escoita activa, respectando ás compañeiras e compañeiros, así como propoñer ideas para crear un proxecto grupal que aúne música, escenografía e tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	Saber executar individual e grupalmente as partituras propostas cunha notación musical básica convencional, así como entender aquelas partituras propostas con notación non convencional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. Equilibrio entre voces e planos sonoros. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público. - Repertorio a unha, dúas e tres voces iguais como introdución á polifonía vocal: afinación, empaste e dinámica no canto a varias voces. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. - O texto e a súa métrica como base da articulación, a velocidade, e a precisión rítmica.

UD	Título da UD	Duración
13	Improvisación aplicada ao coro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	Experimentar coa voz a través dos exercicios de improvisación propostos na clase, respectando as producións das compañeiras e compañeiros.	TI	100
CA2.2 - Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	Relacionar as improvisacións realizadas coa expresión de distintas emocións, aplicando a técnica vocal axeitada, con confianza nas posibilidades dun mesmo.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete do coro aplicando as técnicas de improvisación traballadas nas pezas propostas.		
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Facer propostas propias nas que se utilicen técnicas de improvisación, colaborando na construción dun proxecto musical e escénico grupal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Recoñecer a importancia da aplicación de técnicas de improvisación no canto grupal, así como saber de memoria o repertorio acordado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Práctica da relaxación e da concentración. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - Exercicios e vocalización. Improvisacións. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - Premisas para o desenvolvemento da improvisación. - A memoria musical. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental.

UD	Título da UD	Duración
14	Linguaxe musical, análise e teoría do coro e do canto III	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	Analizar nas partituras corais estudadas aspectos formais e estilísticos, describindoas cun vocabulario técnico adecuado.	PE	100
CA1.2 - Expresarse con corrección, usando un vocabulario musical específico sobre conceptos de linguaxe musical, aspectos vocais e corais para realizar xuízos de valor obxectivos sobre pezas vocais sinxelas e interpretacións de diferentes épocas e estilos.	Utilizar un vocabulario específico referido a conceptos de linguaxe musical, e aspectos vocais e corais traballados na clase en pezas propostas sinxelas.		
CA1.3 - Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	Recoñecer os símbolos musicais que reflectan o silencio e apreciar a súa importancia no contexto das obras.		
CA2.4 - Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	Expresarse usando un vocabulario técnico adecuado para referirse a conceptos de linguaxe musical, canto e técnica vocal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	Diferenciar as características das linguaxes das músicas da nosa tradición occidental e doutras culturas a través das pezas traballadas na clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario musical específico: conceptos de linguaxe musical e aspectos vocais e corais. - Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agónica, forma musical, tímbrica, texturas. - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. - Análise e escoita activa de pezas vocais sinxelas, de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular. - Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto. - Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica. - A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional.

UD	Título da UD	Duración
15	Presentación en público III	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	Realizar as actividades de técnica vocal e corporal necesarias para a montaxe do repertorio do trimestre, con escoita activa e respecto cara aos demais.		
CA3.2 - Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto, e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	Participar como intérprete de coro, memorizando o repertorio acordado e sabendo o noso rol tanto individual como grupal, respectando e seguindo as directrices e xestos da dirección.	TI	100
CA3.3 - Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	Mostrar nas actuacións acordadas en cada trimestre unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento do coro e respectando ao público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	Axudar con ideas, iniciativas e opinións construtivas, a crear un proxecto escénico grupal en cada trimestre, digno de ser presentado en público, que teña impacto social e profesional.		
CA3.6 - Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	Utilizar o movemento, percusión corporal e improvisación nas ideas achegadas, axudando así a crear un proxecto musical coral propio, orixinal e integral, sabendo de memoria o repertorio acordado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal. - Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa. - A memoria musical. - Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. - Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público. - Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. - Actitude escénica e relación co público: representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación seguen a mesma estrutura e planificación nos tres trimestres, sendo os contidos acumulativos para afianzalos ao longo do curso mediante a práctica. En cada trimestre traballaremos unha parte técnica, repertorio de distintos estilos e épocas, unha parte de contidos teóricos e por último a posta en escena do repertorio traballado. Ademais, dedicaremos cada trimestre a desenvolver outras técnicas escénicas para completar o traballo vocal, estudando no primeiro trimestre técnicas de movemento e danza, no segundo percusión corporal e no terceiro técnicas de improvisación vocal e corporal. As unidades didácticas de cada trimestre están pensadas para desenvolverse nalgúns casos de forma simultánea, é dicir, dividiremos cada sesión dedicando unha parte do tempo a traballar a técnica vocal, outra parte para montar repertorio, un tempo para os contidos teóricos abordados primeiro a través da práctica, e outro tempo para o traballo de movemento, percusión corporal ou improvisación.

A metodoloxía a usar nas clases será principalmente activa e colectiva, baseada na observación e apoiada na experiencia. O alumnado será o descubridor da súa propia técnica e das posibilidades do seu instrumento vocal, e eles mesma tratarán de dar respostas aos seus problemas técnicos e o profesorado fará o papel de guía, axudando e orientando cando o necesite, favorecendo así a autonomía no proceso de aprendizaxe. O profesorado detectará as necesidades concretas de cada alumna e alumno e programará estratexias individuais de aprendizaxe que favorezan ademais a interacción e o traballo grupal. Algúns dos principios metodolóxicos a ter en conta son:

- O alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe, a través da súa actividade intelectual.
- Aprender é modificar coñecementos que dalgunha forma xa se posúen, para enriquecelos e adecualos mellor á realidade musical.
- A aprendizaxe musical é constante, de forma que os contidos serán retomados en varias ocasións ao longo do curso.
- A motivación do alumnado é un factor fundamental a conseguir para que se dea o proceso de ensino-aprendizaxe significativo.
- A comprensión do traballo en equipo, e a importancia de saber desenvolver o rol preciso en cada momento na agrupación como premisa do traballo de aula.
- O traballo da autoestima, e a reflexión sobre o papel de cada un no conxunto social como base das actitudes a desenvolver.
- O fomento do traballo interdisciplinar dando cabida a outras materias que integren diferentes aprendizaxes e potencien novos talentos técnicos e artísticos.
- Teremos en conta a igualdade entre sexos e a problemática de cada un no proceso de muda da voz, así como as particularidades de cada alumna e alumno.
- O desenvolvemento da creatividade e o espírito crítico é un dos principios metodolóxicos fundamentais a ter en conta á hora de planificar as actividades e o repertorio da clase.
- A formación no respecto cara aos demais e do medio ambiente, así como a relación coa contorna social, económica e cultural forman tamén xunto cos principios anteriormente mencionados, a base metodolóxica desta programación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Hemsey de Gainza, V. (1991). El cantar tiene sentido. Cancionero recreativo juvenil. Buenos Aires: Ricordi Americana.
Lips, H. (1977). Iniciación a la técnica vocal. Lérida: Orfeo Lleidetá.
Stoloff, B. (1999). Scat: vocal improvisation techniques. Music Sales.
Stoloff, B. (2004). Blues Scatitudes. Advance Music.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. Siete pequeñas piezas para jóvenes adolescentes. Anexo editorial.
Elorriaga, A. Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes. Anexo editorial.
Elorriaga, A. Dos canciones originales para coro mixto adolescente. Anexo editorial.
Elorriaga, A. Cuatro espirituales para voces adolescentes. Anexo editorial.
Villagra, I. (2019). Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada. Ediciones Robinbook.
Elorriaga, A. (2018). El sonido se transforma. Anexo editorial.
Carrillo sedeño, M. Roldán Samiñán, R. (2011). Solfeo para cantantes de coro. Ediciones Si bemol.
Der Junge Pop-Chor. Volúmenes de 1 a 10. Editorial Bosworth.
Web Atril Coral: www.atrilcoral.com

Outros materiais necesarios: piano, diapasón, atrís, ordenador, proxector e unha aula con espacio para poder facer actividades de movemento aplicadas ao coro.

- "El cantar tiene sentido": cancións tradicionais de diferentes países, pensadas para os adolescentes.
- "Iniciación a la técnica vocal": libro sobre técnica vocal básica, dirixida a coros infantís e adolescentes.
- "Scat": libro didáctico con partituras e playback online para iniciarse na improvisación vocal a través do uso do scat.
- "Blues Scatitudes" libro didáctico con partituras para improvisar sobre patrones de blues usando a técnica scat.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar.
- "Siete pequeñas piezas para jóvenes adolescentes": pequenas pezas destinadas a adolescentes, onde cada parte vocal pode asignarse indistintamente a rapazas ou rapaces, ou incluso cantarse nunha oitava diferente á escrita segundo o desenvolvemento larínxeo de cada un. Canto a dúas ou tres voces.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais.
- "Dos canciones originales para coro mixto adolescente": temas orixinais para coro mixto de adolescentes con acompañamento de piano, compostos polo autor Alfonso Elorriaga.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos de América con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa.
- "Solfeo para cantantes de coro": libro pensado para coros non profesionais, que achega a linguaxe musical a aqueles cantores e amantes da música que non saben ler música. A idea é facilitar uns hábitos de lectura básica para que os integrantes do coro deixen de aprender as obras exclusivamente de memoria.
- "Der junge Pop chord": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés.
- "Web atril coral": recursos online. Web onde se poden atopar arranxos e pezas orixinais para coro de tódalas épocas e estilos, principalmente a 4 voces. Gratuitas e descargables en PDF.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial da materia de coro en 1º de bacharelato terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación secundaria, e tamén analizar as súas cualidades vocais, para saber de onde partimos e como mellorar.

Para dita avaliación inicial escolleremos unha peza sinxela a unha ou dúas voces que o alumnado aprenderá coa axuda do profesorado lendo e tamén de oído. Tamén faremos algunhas actividades básicas de quecemento vocal, respiración e vocalizacións e pedirémoslle ao alumnado que cante algún fragmento da canción que elas e eles escollan, para poder averiguar a tesitura e rexistro e facer unha primeira clasificación de voces.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, afinación, rexistro vocal, color da voz, interpretación e outros aspectos que se poidan contemplar como por exemplo se ten a voz moi aireada, problemas de proxección, se non atopa a voz de cabeza...

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	5	5	5	8	10	5	5	5
Proba escrita	0	0	0	100	0	0	0	0	100	0
Táboa de indicadores	100	100	100	0	100	100	100	100	0	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	5	5	6	100
Proba escrita	0	0	0	100	0	15
Táboa de indicadores	100	100	100	0	100	85

Criterios de cualificación:

Dado que a materia é altamente procedimental, cumprirá ter en conta, á hora de avaliar, a totalidade das actividades realizadas na aula, de maneira que a cualificación de cada trimestre quede distribuída nos seguintes bloques:

- Proba teórica: 15%. A proba teórica conterá preguntas en formato test e outras de redacción, explicación e análise de certos contidos e será unha proba por trimestre.
- Parte práctica, participación, traballo regular na aula e na casa, traballos a presentar na aula, etc: 85%. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas que se utilizarán en cada sesión e tamén haberá unha rúbrica específica para o exame práctico onde o alumnado debe demostrar que sabe a súa parte individual do repertorio e que é capaz de cantala a dúo, trío ou cuarteto, escoitando outras voces á vez que canta a súa melodía.

Os tres trimestres contarán practicamente igual na media global:

- 1º Trimestre: 33%
- 2º Trimestre: 33%
- 3º Trimestre: 34%

É necesario obter unha nota media de 5 entre os tres trimestres para superar o curso, e para superar cada trimestre.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

Criterios de recuperación:

A recuperación de cada avaliación farase mediante exame escrito cos contidos teóricos, e práctico sobre as obras traballadas en cada trimestre, que pode ser levado a cabo ao final de trimestre ou a final de curso antes da avaliación ordinaria ou final.

O exame escrito constará de preguntas tipo test e de redacción e ponderará o 15% da nota. O exame práctico avaliarase mediante rúbrica onde o alumnado demostrará que coñece a súa melodía individual e a interpretará con corrección técnica e musical, e terá que executala cunha gravación de "play alone" cantando por enriba das outras

voces. Dita parte ponderará o 85% da nota. É necesario obter unha nota media de 5 puntos para superar o curso.

A Proba extraordinaria de xuño e os criterios de cualificación seguirán o mesmo deseño que as probas da avaliación ordinaria.

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluírá os contidos teóricos e prácticos. A cualificación final da materia de Coro e Técnica Vocal obterase coa suma das notas acadadas aplicando as porcentaxes dos dous apartados de contidos teóricos e prácticos e será necesario acadar unha nota mínima de 5 puntos para superala.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da materia de coro e técnica vocal pendente de 1º curso de bacharelato farase mediante exame escrito cos contidos teóricos de todo o primeiro curso, e práctico sobre unha selección das obras traballadas en dito curso e o alumnado terá que interpretar a cunha gravación de "play alone" cantando por enriba das outras voces. Ditos exames de recuperación poden facerse ao final de cada trimestre ou a final de curso antes da avaliación ordinaria ou final. O exame teórico ponderará o 15% da nota e o práctico o 85%. É necesario obter unha nota media de 5 puntos para recuperar a materia.

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal onde o alumnado poderá acudir a preguntar dúbidas e se lle ofrecerá material de apoio para preparar a materia como pistas de audio para aprender as pezas, apuntes da parte teórica, así como soporte audiovisual a ditos contidos.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para acreditar os coñecementos necesarios farase unha proba escrita con contidos teóricos sobre os criterios mínimos da materia, e unha proba práctica individual de interpretación vocal das obras do curso anterior, que poderá ser levada a cabo proporcionándolle ao alumnado unha gravación de "play alone" para que cante a súa voz por enriba do resto das voces do coro. A proba escrita ponderará o 15% e a de interpretación o 85%. Para acreditar os coñecementos o alumnado deberá acadar un 5 ou máis na cualificación desta proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e

para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora				X				
ET.2 - Creatividade			X					X
ET.3 - Autonomía	X					X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X	X		X		X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X		X		X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X						X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X		X		X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita				X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión lectora	X					X	
ET.2 - Creatividade					X		
ET.3 - Autonomía			X				
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X		X	X		X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X	X		X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico				X			
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X		X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X					X	

Observacións:

Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 4, 9 e 14 a través dos textos para aprender os contidos teóricos.

- Creatividade: traballarase nas unidades 3, 8 e 13 a través da composición de exercicios de movemento e percusión corporal, improvisación...

- Autonomía: traballarase nas unidades 1, 6 e 11 a través de actividades de improvisación, e creación e participación no proxecto coral grupal.

- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 3, 5, 7, 8, 10, 12, 13 e 15. Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .

- Igualdade entre sexos: unidades 2, 3, 5, 7, 8, 10, 12, 13 e 15. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.

- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 7 e 12. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .

- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 5, 7, 8, 10, 12, 13 e 15. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.

- Expresión oral e escrita: unidades 4, 9 e 14. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo cando analizamos unha peza antes de cantala.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación en público do repertorio trimestral.	Concerto levado a cabo en cada trimestre fora do centro, nalgún festival de música escolar ou nalgún auditorio da zona.	X	X	X
Concerto solidario	Posibilidade de actuar nalgún hospital ou residencia de maiores coa clase de coro.	X	X	X
Asistencia a concertos	Asistencia como público a algún concerto de interese musical para o alumnado desta etapa e materia.	X	X	X
Encontros anuais	Asistencia aos organizados polas diferentes asociacións ou centros que teñan coros na nosa contorna.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou Acadado
Mal ou Non acadado
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da

propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados